



## **MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL FAI O IRIXO, DO CONCELLO DO IRIXO, INSTANDO Ó CONCELLO A QUE SE ADOPTEN MEDIDAS PARA**

### **ADECUAR ANTIGAS ESCOLAS COMO VIVENDAS SOCIAIS E FOMENTAR A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS PARTICULARES E A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA NOVA**

Florentino Pérez Bernárdez, Voceiro do **Grupo Fai O Irixa** no concello do Irixe, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación para súa consideración esta **MOCIÓN**, en base á seguinte:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

- a) Un dos grandes problemas do Irixe é a perda de poboación e o seu envellecemento:
  - O Irixe despóboase, perde poboación desde 1930, 6 685 habitantes e case 6 persoas por casa; en 1960, 5 833 e 4 persoas por casa; no 2001 había 2 154 habitantes e 2 persoas por casa; no censo de 2014, 1637, e no de 2015, 1600 habitantes.
  - Temos que facer o posible para **asentar e atraer poboación**, para que a xente moza non teña que “**emprender**”, como fixeron seus pais ou seus avós: no ano 2015 a poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro segundo o municipio de inscrición (O Irixe) e o sexo era de 1 167 persoas, 575 homes e 592 mulleres.
  - Da poboación total de 2014, 74 persoas teñen menos de 15 anos, 753 teñen entre 16 e 64 anos e 810 máis de 65. A idade media no Irixe é de 59,6 anos. O **índice de envellecemento no 2014**, que relaciona o número de persoas maiores de 65 anos coas menores de 20, é de 836,4 o que significa que hai máis de 836 persoas de máis de 65 anos por cada 100 menores de 20!
- b) No inventario municipal aparecen como patrimonio inmobiliario do Concello os edificios das antigas escolas de **CANGUES, FROUFE, SUBIROL, XIREI, FABEIROS e SEGADE**, que non foron rehabilitadas e están abandonadas á súa sorte, sen darlle ningunha utilidade.

**Sr. ALCALDE PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO IRIXO**



**Un xeito de atraer e fixar poboación é facilitarlle o acceso á vivenda á xente nova.**

Co acondicionamento deses edificios o concello disporía de 6 vivendas para:

- Ofrecer como vivendas sociais en aluguer a xente que se queira establecer no noso Concello.
  - Ter vivendas sociais destinadas ás persoas e familias que sexan vítimas dun desafiuzamento, mulleres que sufran malos tratos ou para quen perda nun momento dado a súa vivenda habitual por mor dalgunha catástrofe natural ou accidente.
- c) No concello do Irixo existen numerosas vivendas deshabitadas: no ano 2011, segundo o IGE había no Irixo 1 818 vivendas familiares (711 como vivenda principal e 1 106 como vivenda non principal), das que 541 estaban baleiras.

**O Concello debería fomentar a rehabilitación de vivendas e a construción de vivenda nova destinadas a primeira vivenda ou vivenda habitual**, co fin de promover o asentamento de poboación e a recuperación de inmobles non habitados. Para iso deberíanse facilitar axudas para aquelas unidades familiares que se instalen no municipio, se empadroen no Concello e residan nunha vivenda nova ou rehabilitada como primeira vivenda durante un periodo mínimo, ou as ofrezan en aluguer a persoas que veñan a vivir ó Irixo.

- d) No ano 2014 o número de licenzas segundo tipo de obra por municipios, no Irixo foi de UNHA (1)

**Nunha coxuntura como a actual, as administracións públicas teñen un importante papel na busca de novas alternativas nun sector importante, como é o da construción. Neste caso favoreceríase a actividade económica e o emprego no concello e sobre todo un importante proceso de rehabilitación do patrimonio construído existente, baixo iniciativa pública e privada.**

- e) O Concello ofrecería unha plataforma a través da súa páxina web e das oficinas municipais para publicitar unha bolsa de vivendas, solares e naves industriais en desuso, situadas no propio concello do Irixo e que sería susceptibles de ser adquiridas ou alugadas por novos veciños.



Por todo o exposto, o **Grupo Municipal Fai O Irixo** presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno e se acorde adoptar as seguintes medidas:

- 1. Acondicionar como vivendas as antigas escolas de CANGUES, FROUFE, SUBIROL, XIREI, FABEIROS e SEGADE.**
- 2. Ofrecer en aluguer, como vivendas sociais, esas edificacións a persoas que se queiran establecer no noso Concello.**
- 3. Ter vivendas sociais destinadas ás persoas e familias do Irixo que sexan vítimas dun desafiuzamento, mulleres que sufran malos tratos ou para quen perda nun momento dado a súa vivenda habitual por mor dalgunha catástrofe natural ou accidente.**
- 4. Fomentar a rehabilitación de vivendas e a construción de vivenda nova destinada a primeira vivenda ou vivenda habitual, co fin de promover o asentamento de poboación e a recuperación de inmobles non habitados.**
- 5. Buscar e ofrecer incentivos para que os particulares poñan as súas vivendas en desuso a disposición de persoas que se queiran instalar no Irixo.**
- 6. O Concello ofrecerá unha plataforma a través da súa páxina web e das oficinas municipais para publicitar unha bolsa de vivendas, solares e naves industriais en desuso, situadas no propio concello do Irixo e que serían susceptibles de ser adquiridas ou alugadas por novos veciños.**

O Irixo, 8 de febreiro de 2016.

Asdo.: Florentino Pérez Bernárdez

Voceiro do Grupo Municipal Fai O Irixo

**Sr. ALCALDE PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO IRIXO**